



**XUNTA
DE GALICIA**



galicia

**ADENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE
A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E ECOEMBALAJES ESPAÑA S.A.**

REUNIDOS:

En Santiago de Compostela, a 30 de setembro de 2020.

Por unha banda, a Comunidade Autónoma de Galicia, representada no presente acto pola Excm. Sra. Dña. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada por Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, expresamente habilitada a estes efectos.

Denominada en diante a **Comunidade Autónoma**.

Por outra banda, Ecoembalajes España, S.A., Sociedade Anónima sen ánimo de lucro, domiciliada en Madrid, Cardenal Marcelo Spínola 14 Planta 2, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, tomo 12100 da sección 8ª do libro de sociedades, folio 17, folla nº M-190844 e con N.I.F. nº A/81601700, e representada no presente acto polo Sr. D. Óscar Martín Riva, na súa calidade de Conselleiro Delegado.

Denominada en diante **ECOEMBES**.

MANIFESTAN

- Que con data 30 de setembro foi asinada a renovación do Convenio Marco de Colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembes.
- Que con vistas a cumprir cos obxectivos de reciclado e/ou valorización, establecidos na normativa en vigor, propóñense as actuacións necesarias, de acordo co réxime competencial vixente, para promover o correcto funcionamento das instalacións que separan envases lixeiros.



Na súa virtude,

ACORDAN

- 1 Que a Xunta, a través dos fondos xerados nos Acordos subscritos con Ecoembes, e durante os anos 2021, 2022, 2023 e 2024 farase cargo dun pago de 100.000 € ao ano (IVE non incluído) adicionais ás achegas económicas recollidas no Convenio Marco de Colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembes á Mancomunidade Serra do Barbanza, co fin de mellorar a súa eficiencia na recollida selectiva e a recuperación de envases.

A Entidade emitirá cada factura unha vez pechada a facturación do ano correspondente á actividade de “recuperación de residuos de envases lixeiros e de papel e cartón procedentes da fracción inorgánica”, realizándose o pago segundo o indicado no Anexo III do Convenio Marco.

* * * * *

E en proba de conformidade con canto antecede, ambas as partes subscriben a presente Addenda por duplicado exemplar no lugar e data do encabezamento.

Pola Comunidade Autónoma de Galicia,


Dña. Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio
e Vivenda



Por Ecoembes,


D. Óscar Martín Riva
Conselleiro Delegado

